

# COBAS E PONTEDEUME

**José López Hermida**

Presidente da Asociación Cultural Columba de Cobas

Con esta colaboración na Revista Cátedra pretendo chamar a atención sobre a extensión dos Estados de Andrade e a influencia que Pontedeume tivo no seu día, até a desaparición dos señoríaos, con estas parroquias rurais do hoxe Concello de Ferrol.

Cobas é unha parroquia da zona rural do concello de Ferrol, de cuxa cidade dista nove quilómetros.

A relación desta parroquia con Pontedeume comeza coa expansión territorial experimentada pola Casa de Andrade.

Fernán Pérez de Andrade, o Boo, o primeiro señor feudal de Andrade, toma parte por D. Henrique na loita fratricida, entre D. Pedro e o seu irmán D. Henrique<sup>1</sup> “y por este buen hecho le dio el rey D. Enrique las villas de las Puentes Deume y Ferrol y otras muchas tierras”<sup>2</sup>, que son todas as que se ven desde o seu castelo e torre de Nogueirosa até o cabo Prior; algunhas destas terras, como a granxa de Reparada (situada na parroquia de Cobas, hoxe concello de Ferrol), pertencían ao mosteiro de Sobrado dos Monxes, desde que o rei D. Fernando II<sup>3</sup>, por privilexio dado na Coruña o 15 de febreiro do ano 1158, fixo mercé ao abade D. Egidio e os seus monxes dos portos de mar de Sartagene, Pórtocha e Barricido, e de todo o dereito real do monte do **Prioiro e Reparada** coa súa xurisdicción, así no mar coma na terra, demarcando e acoutando ao mesmo tempo os termos de Reparada.

Tanto o monte do Prioiro como Reparada, aumentada con outras posesións, tomaron gran importancia desde o momento en que o rei D. Sancho o Bravo, por privilexio expedido na cidade de Lugo o ano 1286, concedeu ao mosteiro de Sobrado o décimo da baleaxe<sup>4</sup> que se matase no porto do Prioiro<sup>5</sup>, quedando aberto o dito porto en propiedade do mosteiro.

1. COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio. *Historia de Puente deume y su Comarca*. Pontedeume 1981, P 116.

2. O 19 de decembro de 1371, que confirmaron Xoán II en 8 de agosto de 1379 e Henrique III en 9 de xullo de 1442. (*S. Martín de Jubia Apuntes Históricos* por D. Leandro de Saralegui y Medina. Terceira edición, Ferrol, páxinas 19 e 20)

3. VAAMONDE LORES, Cesar. *Ferrol y Puente deume*. A Coruña 1909, páxina 6.

4. *Ídem*.

5. Sabemos que no traxecto da Coruña ao cabo Ortegal, desde os séculos XIII ao XIV en que comezou a lucrativa caza da balea, empresa que levaban ao cabo os pescadores de Biscaia, existía un punto de recalada para os baleeiros, O Prioiro, fundado polo convento de Sobrado, a cuxa comunidade pertencía por doazón do rei D. Fernando II.

Con esta doazón, que o rei fai a Fernán Pérez de Andrade, comeza a relación de Cobas con Pontedeume, que duraría até a abolición dos señorios. Se temos en conta o mito recollido polo conde de Barcelos, pode que o primeiro Andrade que pisou Cobas fose un Andrade de Braga, un dos sete cabaleiros que segundo a lenda naufragaron no cabo Prior<sup>6</sup>.

Despois de longos preitos entre o mosteiro de Sobrado e o Andrade, o rei D. Xoán I, por Real<sup>7</sup> cédula a prol do mosteiro de Sobrado, expedida en Medina del Campo, o día 23 de decembro de 1380 que di así: “*Ett otrosi que vos el dho Pedro Fernández de andrade, que tedes en encomienda contra su voluntad la graña de Reparada, con sus omes vasallos*”<sup>8</sup> pola cal, Pedro Fernández de Andrade, deixa libre e desembargada ao mosteiro a granxa de Reparada, pero os seus sucesores non cesaron no empeño de recuperala, senón toda, polo menos da mellor parte, que era o monte e porto do Prioiro.

Informado o abade de Sobrado, D. Fray Alonso Yañez, que no citado porto se fixeran novos edificios sen a súa licenza, querelouse, pero Nuño Freire de Andrade, en xuño de 1411 opúxose, desde Pontedeume, onde estaba, con breves e ásperas palabras, dicindo que (...) *mandara fazer laoures e edificios en lo porto e lugar de prioyro que he miña herdade e meu señorio*(...)<sup>9</sup>. Ambos contrincantes disputáronse a propiedade do Prioiro durante longo tempo, pero cansos os monxes de loitar contra tan duro rival, doaron a prol do Andrade o dito porto do Prioiro, que **os seus descendentes aínda posuían** a principios do século XIX<sup>10</sup>. Despois desta doazón, os monxes trasladan a granxa á Cabana.

Os Andrade posuían a xurisdicción da vila de Ferrol, desde a súa concesión polo rei Henrique II. Non obstante, o padroado eclesiástico era do mosteiro de Xuvia, até o ano 1472, no que este mosteiro cede a D. Diego de Andrade e á súa dona D. María de Faro o dereito de padroado e presentación dos beneficios de Ferrol, Serantes Brión, Doniños, Esmelle, Mariña, Cobas, Vilar (...), que lle entregan os monxes do mosteiro de San Martiño de Xuvia, con esta cesión refórzase o poderío dos Andrade na zona.

Polo matrimonio de Teresa, filla de Fernando de Andrade y Pérez das Mariñas, conde de Vilalba, con Fernán Ruíz de Castro, Conde de Lemos<sup>11</sup>, os estados dos Andrade únense á Casa de Lemos, reforzándose a administración destes estados, con esta casa, pero Cobas segue a relacionarse e pagar os seus impostos en Pontedeume, pois tanto a administración de xustiza coma a económica recaen en última instancia nesta vila.

Até a declaración de Ferrol como vila de reguengo en 1733, Cobas, Esmelle, Narón, Santa Mariña, Vilar, Leixa, Mandiá, Meá e algúns outros núcleos de escasa poboación pertencían á xuris-

6. Véxase DE CASTRO ÁLVAREZ Y LÓPEZ SANGIL. “La Genealogía de los Andrade”, *Cátedra* nº 7, 2000

7. *Ídem* páxina 7.

8. COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio. *Historia de Puenteume y su comarca*. Pontedeume 1981, páxina 178.

9. VAAMONDE LORES, Cesar. *Ferrol y Puenteume*. A Coruña 1909, páxina 8.

10. CARRE ALDAO. *Geografía General del Reino de Galicia Provincia de La Coruña*, tomo II. Barcelona, páxina 9.

11. SANCHEZ, Margarita. “La Villa de Ferrol en la primera mitad del s. XVIII”. *Estudios Mindonienses* nº 1, páxina 185.

dicción de Ferrol. A súa administración baseábase nun alcalde ou xustiza ordinario, nomeado anualmente; tres rexedores vitalicios, todos nomeados polo alcalde maior señorial, con sede en Pontedeume, de quen dependían. A partir deste ano, pasan a ser xurisdicción de reguengo Ferrol e A Graña, o resto, as ditas freguesías da zona rural, continúan pertencendo ao conde de Lemos, cun alcalde ordinario e un procurador xeral á súa fronte, nomeados polo señor pero con certa autonomía das asembleas de veciños parroquiais<sup>12</sup>, mentres as dúas vilas continuarán pola súa conta.

No século XVII, temos noticia da garda maior dos bosques e sentinelas que a súa excelencia o conde de Lemos ten no Prioiro, este garda era o capitán<sup>13</sup> D. Rodrigo Díaz Sanjurjo de Baamonde y Montenegro<sup>14</sup>, señor do couto e xurisdicción de Pígara, fillo<sup>15</sup> de Álvaro García de Parga e María Bázquez; casado con D. Clara Freire de Andrade e Villouças, filla de Pedro Pardo de Andrade y Figueroa e María Fernández de Villouças, naturais e veciños que foron, da freguesía de Beobre xurisdicción de Pontedeume. Quizais estes son os descendentes que Cesar Vaamonde Lores cita no seu libro Ferrol y Puentedeume, páxina 6. O fillo de D. Rodrigo, Juan<sup>16</sup> Pardo Montenegro<sup>17</sup>, principal de rendas<sup>18</sup> do citado conde, casado con D. Juana Freire de Andrade, recibe de D. Gines Ruiz de Castro Conde de Lemos y Andrade, no ano 1692, en foro<sup>19</sup>, o monte do Prioiro, (que xa o posuía o seu pai D. Rodrigo) na parroquia de San Martiño de Cobas, foro<sup>20</sup> que transcribo a seguir:

*En la Villa de Puente deume al primero dia deel mes de Maio de mil Seiscientos y noventa y dos años por ante mi es<sup>mo</sup> el ex<sup>mo</sup> Señor D<sup>o</sup> Jines Fern<sup>do</sup> Ruiz de castro Conde de Lemos y de Andrade dijo q<sup>e</sup> desde ôi dia en adelante durante las voces avajo declaradas aforava y aforo y dava y dio en foro por Razon y Renta y pen<sup>on</sup> a D Juan Pardo MonteNro vezino de la villa del Ferrol que esta pres<sup>te</sup> y afora para si su muger Sus hijos herederos y Sucesores conviene a Saver lo que ansi le afora y da en este dho foro el Su bosque que se dize y nombra deel Prioirpo Seg<sup>a</sup> esta*

12. BARREIRO MALLÓN, Baudilo. *Organización Administrativa de Ferrol y su Comarca a fines del Antiguo Régimen*. Obradoiro de Historia Moderna N° 5. Universidade da Coruña, páxina 73.
13. A Real cédula de 29-2-1696, promulgada por Carlos II, entre outras cousas dicía: *Los cuadros de mando de la Milicia Nacional, serán nutridos con oficiales de familia noble y acomodada. a falta de este personal hijodalgo, se acepta la admisión de aquellas otras personas de gran solvencia económica, aunque no pudiesen acreditar la nobleza de cuna*. DE SPITTO Y MONTES, Joaquín. Revista de Historia Militar N° 45 Organización Militar Española de la Casa de Austria (Siglo XVII), páxina 77.
14. Nos libros parroquiais de San Martiño de Cobas, pode encontrarse a D. Rodrigo cos seguintes nomes: D. Rodrigo Díaz de Baamonde y Montenegro, alferez D. Rodrigo Díaz, D. Rodrigo Díaz Montenegro y Bande, D. Rodrigo Montenegro, D. Bande y Montenegro, e D. Rodrigo Díaz Sanjurjo Vaamonde y Montenegro, Rodrigo Díaz da Fraga. Además de garda do Prioiro era Señor do couto de Pígara. (parroquia do concello de Guitiriz)
15. No Arquivo municipal de Pontedeume, caixa n° 393, consérvanse a dote matrimonial de D. Clara e a escritura matrimonial.
16. Nos libros parroquiais de San Martiño de Cobas, pode encontrarse tamén cos seguintes nomes de D. Juan Pardo de Andrade y Montenegro, Juan Pardo Montenegro y Vaamonde.
17. Foi alcalde ordinario e rexedor do concello de Ferrol e mordomo da confraría do Santísimo Sacramento, da parroquia de San Xíao de Ferrol no ano 1691.
18. Arquivo Municipal de Pontedeume Caixa 389 páxina 488 volta.
19. Este foro consérvase en casa de Bernardino, Cobas (Prior).
20. É un sistema para entregar as terras sen perder a propiedade.

Cerrado por la p<sup>te</sup> de tierra con muralla alta de Piedra y con su puerta y por las m<sup>s</sup> p<sup>te</sup> alrededor en la mar con Mas las casas en que vivia el guarda q<sup>e</sup> al pres<sup>te</sup> esta echa y derecha con su Sobrado con las Cavallerizas corrales aira guertas heredades labradias y montesias que andan anesas y agregadas a dho lugar en que vive dho guarda Segun estan Circundadas y cerradas de muro de piedras de dos faces y segun q<sup>e</sup> todo ello es propio de dho Señor otorgante por sus limites y demar Cacion<sup>s</sup> usos y costumbres derechos y servidumbres todo lo q<sup>e</sup> el le afora por la vida y tiempo y espacio de tres señores Reies de hespaña que Reinaren y governaren estos Reinos subcesibam<sup>te</sup> unos en pos de otros y demas de ello una boz de v<sup>te</sup> y nueve años y es la prim<sup>a</sup> vida y boz la deel señor Carlos Seg<sup>o</sup> qe D<sup>s</sup> g<sup>o</sup> y las dos que le sucedieren con Calidad y condicion q<sup>e</sup> ha de perfectar y Reparar las dhas Casas lugar Bosque y Sus Cercas y Zerraduras de Suerte q<sup>e</sup> baia en aum<sup>to</sup> y no en disminu<sup>to</sup> y pena de pagar los desperfectos = y con condicion q<sup>e</sup> dho d<sup>n</sup> Juan Pardo Montenegro y sus sucesores en este foro y sus vienes han de ser guardias de dho Bosque para recaudar al Señor otorg<sup>te</sup> los mostrencos q<sup>e</sup> en el y su rivera se allaren dando quenta para el veneficio de ellos y con dicion y declaracion q<sup>e</sup> en dho foro y sus vienes y oficio de guardar ha de suceder al dho D<sup>n</sup> Juan Pardo Montenegro Su hijo Maior el qual ha de vivir en dho lugar y Bosque y faltandole sucesion lexma haia de suceder los hijos y ni estos de D<sup>n</sup> Rodrigo Montenegro guarda q<sup>e</sup> fue de dho Bosque de suerte q<sup>e</sup> en todo tpo dur<sup>te</sup> las dhas voces aRiva declaradas haia de andar en la familia de dho D<sup>n</sup> Rodrigo y no en otra con clausula espresa q<sup>e</sup> el drco de este foro y sus vienes no se pueda vender trocar ni enajenar ni emparzarse ni comunicarse partir ni dividir a p<sup>na</sup> alguna q<sup>e</sup> no sea descendiente del dho D<sup>n</sup> Rodrigo, pena q<sup>e</sup> la tal v<sup>ta</sup> ô enajena<sup>on</sup> emparzo y comunicacion q<sup>e</sup> asi se hiziere sea nula y de ningun Valor y efecto y este dho foro y pso facto caiga en comiso y q<sup>e</sup> no tenga mas voces ni tiempo q<sup>e</sup> hasta el dia q<sup>e</sup> se hiziere el dho emparzo comunicacion enajen<sup>on</sup> venta o dona<sup>on</sup> quedando vaco y fenecido, y el señor otorgante dueño deel util Dominio como lo hes deel Directo y pueda usar de el aforandolo, o administrandolo por sus maiordomos declarando como declara ser su volunt<sup>d</sup> azer este veneficio y merced a los hijos y descendientes deel dho D<sup>n</sup> Rodrigo y no a ôtro alguno q<sup>e</sup> no sea su descendiente y con condicion q<sup>e</sup> los ciervos q<sup>e</sup> tiene el señor ôtorga<sup>te</sup> en dho Bosque hvian de estar en el por tpo de dos años y en ellos se havian de distinguir con su horden o providencia que se diere p<sup>r</sup> el alcalde maior de estos estados a q<sup>e</sup> deja la que se ha de ôbserbar y con declaracion q<sup>e</sup> no entran en este dho foro los V<sup>s</sup> Casares hairas heredades guertas, y parte deel Bosque o monte Pequeño q<sup>e</sup> lleva Antonio Diaz y q<sup>tes</sup> por foro q<sup>e</sup> estan posehedores y asi mismo le haze merced al dho D<sup>n</sup> Juan Pardo Montenegro de todas las Yegoas y ganado q<sup>e</sup> el señor otorg<sup>te</sup> tiene en dho Bosque al presente p<sup>o</sup> en todo tpo de siempre Jamas Sin obligacion de dar q<sup>na</sup> de, ellas ni de sus crias q<sup>e</sup> de todo ello le haze merced gracia y donacion: y que por Razon de Renta y pension le ha de dar y pagar al dho Señor otorgante o su Maymo de este partido o a la p<sup>na</sup> q<sup>e</sup> su poder huviere, el dho D<sup>n</sup> Juan Pardo y los mas que le sucedieren en este foro cincuenta y cinco R<sup>s</sup> vellon Cada año y por dia de s<sup>n</sup> Martin del mes de Nre de, el dur<sup>te</sup> las bozes y la dura<sup>on</sup> de este

*dho foro y ha de ser la primera paga p<sup>a</sup> el día de S<sup>n</sup> Martin deel mes de Nre de este pres<sup>te</sup> año y los demas consecutivam<sup>te</sup> año pas<sup>do</sup> año pagado pena de ejecucion y costa y de ser compulsu y apremiado a ello y que fenecidas y acavadas las dhas voces ha de dejar libre y desembargada dho lug<sup>ar</sup> y Bosque Seg<sup>n</sup> y de la manera q<sup>e</sup> al pres<sup>te</sup> esta con sus cercas y muros Casas y Sobrado al Señor otorg<sup>te</sup> y sus Sucesores con los perfectos y mejoram<sup>tos</sup> que huviere fho y mejorado y con las costas y gastos daños e intereses q<sup>e</sup> cerca de ello se le siguiere y Requeciere y Cumplenido dhas condiciones y no Sin ellas el dho Señor otorg<sup>te</sup> obligo sus vienes y Renta de haver por firme este dho foro y pr ms ni menos qe otro diere no se lo quitara pres<sup>te</sup> el dho D<sup>n</sup> J<sup>u</sup> Pardo q<sup>e</sup> dijo azetava y aceto este dho foro con las condiciones en el espres<sup>das</sup> las q<sup>s</sup> se obligava y obligo con su p<sup>na</sup> y v<sup>r</sup> muebles y Raiz<sup>z</sup> havidos y por hav<sup>r</sup> de las guardar y Complir en todo y en parte Sin que falte cosa alg<sup>a</sup> devajo de las penas aRiva declaradas y en particular de q<sup>e</sup> pagara en cada un año los dhos cinq<sup>ta</sup> y cinco R<sup>s</sup> al trmo y plazo susodho pena de ejecu<sup>on</sup> y costas y de ser compulsu y apremiado a ello y de caer en comiso dho foro y p<sup>a</sup> q<sup>e</sup> asi lo Cumpliran ambas p<sup>tes</sup> Cada uno por lo que le toca para Cumplim<sup>to</sup> de lo susodho dieron y otorgaron todo su poder Cumplido a los Juezes y Justicias Seglares de S.M. cada uno a los de su fuero y Jurisdicion y Renunciaron las leyes de su Favor en especial la lei general en forma y derecho de ella en fee de lo qual otorgaron la pres<sup>te</sup> de foro con azetacion en forma por ante mi es<sup>no</sup> en Cuiro Registro lo firmaron de sus nombres Siendo Testigos D<sup>n</sup> Juan de Mirueza y Barreda, D<sup>n</sup> Alonso de lAra, y D<sup>n</sup> Gaspar Foret y Recuerda Criados de Su ex<sup>a</sup> a quienes yo es<sup>no</sup> doi fe conosco y de todo ello hago fe: el conde de Lemos: Dn Juan Pardo m<sup>enro</sup>: Paso ante mi Jacinto de Frias:*

Varios anos máis tarde, nunha escritura de compravenda, entre dous descendentes desta familia, podemos ler: (...) *forales del conde de Lemos (...) advertí al comprador, que de la copia de esta escritura, que estoy pronta a dar, se ha de tomar la razón en el oficio de hipotecas de la villa de Puenteume dentro de treinta días*<sup>21</sup>.

*San Salvador de Serantes veintiséis de agosto de mil setecientos noventa y seis.  
Carlos de Pazos*

21. Arquivo familiar dos descendentes de D. Juan Pardo Montenegro.

